

## NOVAS TECNOLOXÍAS, NOVOS DESAFÍOS

O mundo actual dilúe o marco referencial da cultura inmediata e abre unha ventá infinita ao alcance dun clic. Neste escenario as novas tecnoloxías dan acceso a un mundo inabarcable. A universalización do móbil e outros dispositivos trouxo vantaxes que coñecemos, acompañados doutros efectos menos amables. Como outros recursos, depende do uso que fagamos deles. En particular coa xente que está a medrar é aconsellable prudencia, acompañamento e supervisión, para axudalos a ter experiencias agradables e seguras.

Hai profesionais que directamente desaconsellan o acceso antes de certa idade en previsión de efectos negativos e permanentes. Algúns estudos alertan da influencia sobre múltiples áreas do desenvolvemento: os niveis cognitivo, emocional, interacción social, xestión emocional e autorregulación, entre outros, sinaláronse como potencialmente influídos de xeito negativo polas novas tecnoloxías. A resposta ten que ser educativa, non pode ser a negación, estes aparellos non van desaparecer do mundo.

E o móbil leva estreitamente asociado o acceso ás **redes sociais**. Unha rede social é unha plataforma que nos permite crear perfís, compartir información e interactuar con outros usuarios, co propósito principal de facilitar a conexión e a interacción con outras persoas coas que compartimos intereses, actividades ou relacións. Non deixa de ser curioso que un dos significados recollidos na RAG sexa “aquilo que serve para enganar ou atraer a alguén”. Porque entraña perigos específicos e magnifica outros das redes tradicionais. Os riscos para a privacidade, a dificultade de saber quen está ao outro lado do fío, ou a posibilidade de ser agredidos por este medio (como no caso do ciberacoso) son algúns destes perigos.

### NA MAN DAS FAMILIAS ESTÁ:

**Servir de modelos saudables:** dando exemplo e empregando os dispositivos móbiles de xeito mesurado e responsable. Que nos vexan sempre pegados ao móbil e respondendo inmediatamente a calquera nova notificación, non é o xeito ideal de transmitir ese emprego responsable.

**Filtrar e supervisar actividades en liña:** é imprescindible coñecer que fan, onde van, que ven, a que xogan, con quen interactúan, que *webs* visitan, que aplicacións empregan... Para isto son útiles as funcións de control parental pero non suficientes, posto que a maioría saben neutralizalas. Cos adolescentes, a supervisión non é unha invasión da súa privacidade senón unha obriga que temos como adultos responsables do comportamento dos menores a noso cargo. A confianza debe basearse no acompañamento: trátase de guialos nun mundo no cal cómpre ir aprendendo destrezas de xeito secuenciado.

**Fomentar actividades alternativas:** A idea é equilibrar o tempo adicado ás pantallas, non eliminalo. Convén que facilitemos unha cultura do deporte e doutras actividades de tempo libre, moito mellor se inclúen a interacción con outros nenos e nenas.

**Establecer normas e límites:** aínda que teñan mala prensa, os límites son unha parte importante da educación das persoas. Unha norma dille a un neno que está permitido, que non, e que pasa cando se incumpre. Co móbil tamén hai que poñer límites e normas; por exemplo marcando tempos para o seu uso, momentos nos que non se permite (nas comidas, antes de deitarse, á hora de estudar...). Combinado cun acompañamento educativo esta será a mellor formación que os vaia guiando sobre un uso saudable e responsable.

**Educación dixital:** Se educamos aos rapaces en normas de cortesía cara a cara, porque non imos facelo en liña? Moitas veces os propios foros marcan regras de protocolo para indicar o comportamento correcto; noutras podemos esperar que os menores cheguen a autorregularse. Pero ninguén nace aprendido, e hai un momento e unha idade na que o apropiado e que familia e colexio orientemos aos rapaces en códigos de conduta, na participación correcta e cortés no ciberespazo.

**Educar na prudencia á hora de participar:** ollo coas informacións persoais porque cando compartimos algo nunha rede non podemos saber como van a empregalo as persoas coas que compartimos. Deben recordar que do outro lado hai unha persoa, e non debemos facer nada que non nos gustaría que nos fixeran a nós. Por certo, non podemos ter a seguridade de que esa persoa sexa quen di ser, e poden presentarse situacións de perigo serio. Sen esquecer que hai condutas que, directamente, son delitos, e teñen implicacións legais para eles e para os adultos responsables.

**Fomentar a comunicación:** en xeral é importante estar dispoñibles para os nosos rapaces e rapazas, compartir tempo -e actividades- con eles, falar... Cando temos creado un entorno emocional no que os membros da familia estamos cómodos compartindo experiencias, expresando preocupacións, preguntando dúbidas... falar das redes é un tema máis enriba da mesa. Neste contexto eles poderán expresar dúbidas, inquedanzas, cousas que lles pasaron a eles ou a outros coñecidos, e pedir axuda se se ven nun brete.

## **DESDE O COLEXIO: TALLERES CON AMAINA**

Sen substituír o papel das familias o colexio colabora na educación desta faceta cada vez máis presente nas nosas vidas. Ademais doutras actuacións no ámbito do Plan de Acción Titorial, por segundo ano contamos coa Asociación AMAINA, que impartiu un taller nos grupos de 1º ESO, en tres sesións ao longo do mes de novembro. Nel expuxéronse os riscos e perigos da rede, do uso do móbil e dos videoxogos, e sobre o consumo responsable das novas tecnoloxías. Igual que no pasado curso, o alumnado mostrou interese polos temas abordados e participou activamente nas actividades propostas pola docente. Agradecemos a colaboración desta Asociación pola súa labor.